

ANEXO I

SOLICITUDES CONCEDIDAS

PROXECTOS LINGÜÍSTICOS

CENTRO	DATA INICIO	DATA FINAL	PROF.	ALUMN.	SUBVENCION	PAIS
IES CASTRO ALOBRE	11-11-2003	20-11-2003	2	20	2.808,00 EUROS	PORTUGAL
COLEXIO MARISTA CRISTO REY	6-9-2003	27-9-2003	2	15	6.513,00 EUROS	EE.UU.
IES DE TEIS	31-10-2003	9-11-2003	2	10	4.024,80 EUROS	SUECIA
IES ISAAC DIAZ PARDO	22-3-2003	4-4-2003	2	20	5.857,80 EUROS	ITALIA
IES R PUGA RAMON	31-3-2003	11-4-2003	1	14	3.129,00 EUROS	FRANCIA
COL. MIRALBA. FILLAS DE XESUS	24-10-2003	2-11-2003	2	20	5.857,80 EUROS	ITALIA
IES ORTIGUEIRA	1-11-2003	10-11-2003	2	20	4.578,60 EUROS	FRANCIA
IES MONTE CASTELO	2-5-2003	11-5-2003	2	28	6.138,60 EUROS	FRANCIA
IES FERMIN BOUZA BREY	29-3-2003	10-4-2003	2	22	4.968,60 EUROS	FRANCIA
COLEXIO COMPAÑIA DE MARIA	4-10-2003	15-10-2003	2	20	5.857,80 EUROS	ALEMAÑA
IES DE TOMIÑO	8-10-2003	17-10-2003	3	30	6.867,90 EUROS	FRANCIA
IES SANCHEZ CANTON	9-9-2003	5-10-2003	2	14	6.146,40 EUROS	EE.UU.
IES MONTE DA VILA	16-10-2003	26-10-2003	1	10	3.572,40 EUROS	FINLANDIA
IES A XUNQUEIRA 2	6-10-2003	18-10-2003	2	17	3.993,60 EUROS	FRANCIA
COLEXIO APOSTOL SANTIAGO	9-5-2003	21-5-2003	1	10	2.928,90 EUROS	R. UNIDO
IES SALVATERRA DE MIÑO	30-9-2003	9-10-2003	1	13	2.874,30 EUROS	FRANCIA
IES PAZO DA MERCE	30-9-2003	9-10-2003	1	11	2.484,30 EUROS	FRANCIA
IES ARZOBISPO XELMIREZ 1	13-6-2003	22-6-2003	2	13	3.213,60 EUROS	FRANCIA
IES ARZOBISPO XELMIREZ 1	28-2-2003	9-3-2003	2	17	3.993,60 EUROS	FRANCIA
IES A PARALAIÁ	27-11-2003	6-12-2003	2	14	4.336,80 EUROS	SUIZA
IES CAMPO DE SAN ALBERTO	29-9-2003	8-10-2003	2	24	6.871,80 EUROS	R. UNIDO
IES A GUIA	13-11-2003	23-11-2003	2	18	5.350,80 EUROS	R. UNIDO

VISITAS PREPARATORIAS E DE ESTUDIO

CENTRO	DATA INICIO	DATA FINAL	PROF.	SUBVENCION	PAIS
CEIP PEPE DE XAN BAÑA	20-2-2003	22-2-2003	1	351 EUROS	PORTUGAL
IES CAMPO DE SAN ALBERTO	25-9-2003	30-9-2003	1	780 EUROS	RUMANIA
IES CAMPO DE SAN ALBERTO	30-4-2003	5-4-2003	1	663 EUROS	R. UNIDO
CEIP VISTA ALEGRE	30-4-2003	5-4-2003	1	780 EUROS	NORUEGA
IES BECERREA	20-11-2003	23-11-2003	1	663 EUROS	AUSTRIA
ACEESCA	7-7-2003	13-7-2003	1	663 EUROS	ITALIA
IES RIBEIRA DO LOURO	29-6-2003	6-7-2003	1	780 EUROS	MALTA
COLEXIO COMPAÑIA DE MARIA	4-9-2003	7-9-2003	1	663 EUROS	ALEMAÑA
IES CASTRO ALOBRE	28-9-2003	1-10-2003	1	351 EUROS	PORTUGAL
CEIP DE ROXOS	20-2-2003	22-2-2003	1	351 EUROS	PORTUGAL
IES ALEXANDRE BOVEDA	1-2-2003	5-2-2003	1	663 EUROS	ALEMAÑA
CPI A XUNQUEIRA	25-10-2003	30-10-2003	1	546 EUROS	FRANCIA
EOI IDIOMAS SANTIAGO	22-9-2003	27-9-2003	1	702 EUROS	REP. CHECA
CEIP FROEBEL	6-10-2003	11-10-2003	1	663 EUROS	ITALIA
CEIP A CUQUEIRA-CARBALLEDO	13-10-2003	20-10-2003	1	546 EUROS	FRANCIA
CPI ALTAMIRA	11-9-2003	24-9-2003	1	546 EUROS	FRANCIA
CEIP DE PETELOS	15-10-2003	19-10-2003	1	663 EUROS	ALEMAÑA

INTERCAMBIOS DE PROFESORES

CENTRO	PROFESOR	DATA INICIO	DATA FINAL	SUBVENCION	PAIS
IES EDUARDO PONDAL	EMILIA FIGUEIRAS RODRIGUEZ	4-9-2003	16-9-2003	721,50 EUROS	R. UNIDO

ANEXO II

SOLICITUDES DENEGADAS

PROXECTOS LINGÜÍSTICOS

CENTRO	PAIS	CAUSA DA EXCLUSION
IES XELMIREZ II	HUNGRIA	RENUNCIA
IES ARCEBISPO XELMIREZ I	HUNGRIA	RENUNCIA
IES DO CASTRO	R. UNIDO	FORA DE PRAZO
IES CAMPO DE SAN ALBERTO	RUMANIA	NON CUMPRE OS REQUISITOS
IES CACHEIRAS	IRLANDA	FORA DE PRAZO
IES ALMIRANTE SALVADOR MORENO	FRANCIA	CONCEDIDO PROXECTO COMENIUS 1.2
IES TERRA DE SONEIRA	SUECIA	CONCEDIDO PROXECTO COMENIUS 1.2

VISITAS PREPARATORIAS E DE ESTUDIO

CENTRO	CAUSA DA EXCLUSION
IES MARQUES DE SUANCES	RENUNCIA
IES CAMPO DE SAN ALBERTO	RENUNCIA

realizaren múltiples actividades de tipo formativo-cultural fóra do medio propiamente escolar, xa que sitúan o neno nun medio diferente ó seu, que lle vai propiciar unha maior convivencia e cooperación co profesor e outros compañeiros, ampliando os seus coñecementos e a súa comprensión integral, ó coñecer diferentes lugares, xentes, terras, costumes, historias e recursos.

Con base no acordo suscrito pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Educación e Cultura e co fin de permitirlles ós alumnos galegos de educación primaria o contacto directo con outras zonas e culturas de España, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.

1. Convocar 540 axudas (36 grupos) destinadas a alumnos que no momento de formularen a solicitude estean cursando 4º, 5º e 6º de educación primaria en centros ordinarios da Comunidade Autónoma de Galicia, para participaren na actividade das escolas viaxeiras.

Orde do 15 de outubro de 2003 pola que se convocan axudas para a realización de escolas viaxeiras durante o ano 2004.

As escolas viaxeiras cumpren unha función importante ó facilitarlles ós alumnos a posibilidade de

2. As escolas viaxeiras levaranse a cabo nas datas comprendidas entre o 23 de marzo e o 14 de xuño (primeira quenda) e entre o 28 de setembro e o 29 de novembro (segunda quenda) de 2004.

3. Os/as alumnos/as participantes integraranse en grupos de quince (15), ós que acompañará un/unha profesor/a do seu centro, preferiblemente o/a titor/a correspondente.

Segundo.

Cada grupo de quince alumnos/as percorrerá, xunto con outros dous grupos similares doutras comunidades, unha das rutas relacionadas no anexo I, ó longo dunha semana, iniciándose o seu percorrido o martes da semana que corresponda coa chegada dos alumnos á cabeceira da ruta, e finalizando o luns seguinte (preferentemente pola mañá).

Terceiro.

As axudas ás que se refire a presente orde comprenderán:

a) O transporte en ferrocarril desde a estación de tren máis próxima ó lugar de procedencia dos alumnos ata a cabeceira da ruta e viceversa, así como o correspondente transporte aéreo no caso dos que percorran as rutas de Canarias e o marítimo no caso da ruta de Baleares. Na ruta de Melilla estase á espera de confirma-lo tipo de transporte.

b) Os gastos de aloxamento e manutención nos centros de acollida.

c) Os gastos de transporte por estrada correspondentes ó percorrido de cada ruta.

d) A cobertura de riscos durante o período de duración das escolas viaxeiras.

Cuarto.

Os/as profesores/as acompañantes (un por cada grupo de 15 alumnos/as) que terán que ser necesariamente os titores ou, se é o caso, profesores/as dos que habitualmente imparten clase ó grupo de alumnos/as, disporán de transporte e aloxamento gratuítos en termos similares ós indicados para o alumnado, beneficiándose, igualmente, da cobertura de riscos durante o período de duración das escolas viaxeiras.

Os devanditos profesores acompañantes serán os responsables da elaboración do anteproxecto de actividades que se menciona no punto seguinte.

Así mesmo, e no caso de seren seleccionados, prepararán cos alumnos/as os itinerarios da ruta que van realizar, e serán orientados en función dos obxectivos específicos que cada grupo pretenda conseguir e de acordo cos materiais e orientacións que reciban desde a coordinación, para que os alumnos elaboren un breve caderno de traballo, que utilizarán durante o desenvolvemento da actividade.

Quinto.

Os/as directores/as dos centros onde haxa alumnos/as que desexen participar enviaranlle a solici-

tude, axustándose ó modelo establecido no anexo II da presente orde, á delegación provincial correspondente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Datos dos alumnos solicitante e autorización do pai, nai ou titor deles (anexo III).

b) Anteproxecto de actividades que se van realizar en relación coa programación do centro e cos obxectivos xerais que figuran no anexo IV.

c) Aprobación do consello escolar do centro, se se trata de centros públicos ou privados concertados, ou do órgano colexiado que o substitúa, no caso dos centros privados non concertados. A aprobación deberá referirse tanto á realización da actividade como á relación de alumnos/as participantes.

Sexto.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 9 de decembro de 2003.

Sétimo.

En cada provincia constituirase unha comisión de valoración das solicitudes presentadas que estará presidida polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou persoa en quen delegue e integrada, en calidade de vocais, por:

-Un inspector de educación (nivel de educación primaria).

-Dous directores de colexios de educación primaria, un do sector público e outro do sector privado.

-Dous pais ou representantes legais de alumnos, un do sector público e outro do sector privado.

-Actuará como secretario, con voz e sen voto, un funcionario da delegación.

Todos eles serán designados polo delegado provincial.

Oitavo.

As comisións provinciais reuniranse no prazo máximo de dez días naturais, unha vez finalizado o período de presentación de solicitudes, procedendo a valoralas, tendo en conta as características socioeconómicas da zona onde está situada o centro docente, co fin de darlles preferencia ós alumnos con menores oportunidades de dispoñer doutras ofertas por razóns económicas, culturais ou ambientais e, en particular, ós procedentes de zonas rurais, arrabaldes ou suburbios.

Así mesmo, terase en conta se o centro participou nesta actividade en anos anteriores, co fin de posibilita-la participación dos centros que non o fixeron.

Cada comisión provincial elaborará unha relación de centros solicitantes, por orde de preferencia, en

función dos criterios de valoración sinalados e remitírala de inmediato á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa.

Noveno.

A selección definitiva será realizada pola Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, a través dunha comisión constituída con tal fin e con base nas propostas das comisións provinciais, tendo en conta que os grupos de alumnos de 4º soamente poderán participar na segunda quenda, os de 6º na primeira e os de 5º en ámbalas dúas quendas.

O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 3 meses, contado a partir da data de publicación no DOG desta convocatoria; considerándose desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo sinalado neste parágrafo.

Contra a resolución da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa poderase interpoñer recurso de alzada, perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Décimo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración co Ministerio de Educación, Cultura e Deportes, efectuará o seguimento e avaliación global do programa de escolas viaxeiras; por iso, os centros participantes, a través do profesor/a acompañante coa colaboración do grupo de alumnos/as, enviaranlle á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, con posterioridade ó percorrido da ruta e nun prazo máximo de dous meses desde a súa finalización, unha memoria de avaliación da actividade, por exemplar triplicado, cunha extensión non superior a 10 folios, en formato DIN A-4.

Undécimo.

A memoria de avaliación á que se refire o punto anterior constará das seguintes partes:

a) Recollerá os obxectivos da escola viaxeira, as características do grupo, as actividades programadas e os mecanismos e avaliación dos resultados.

b) Diario da viaxe no que se anotará de modo secuencial o desenvolvemento das actividades e a súa dedicación ós obxectivos propostos.

c) Avaliación dos resultados; reflectirá non só os coñecementos adquiridos polo grupo durante o desenvolvemento da escola viaxeira, senón tamén e fundamentalmente, as actitudes suscitadas nos alumnos ó contacto con outras culturas, a súa capacidade para participaren na vida das comunidades visitadas e o nivel de análise crítica e elaboración

de alternativas ante os problemas locais, alcanzados polo colectivo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa para dictar tódalas disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento da presente orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2003.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Catálogo de rutas

* Ruta de Andalucía Occidental.

-Resumo de contidos.

Córdoba: Patrimonio da Humanidade, Alcázar dos Reis Cristiáns, Xudería. Parques naturais: serra de Cárdena e Montoro. Conxunto arqueolóxico de Madinat Alzhar. Val dos Pedroches, a industria agroalimentaria de Pozoblanco. Sevilla: catedral, xiralda, reais alcázares, barrio Santa Cruz, praza de España e parque de María Luisa.

Aloxamento: Residencia Escolar M. Careaga y C. de Mora, Doctor Fleming 1, 14445 Cardena (Córdoba). Teléfono: 957 17 41 20.

Número de grupos: segunda quenda, 1.

* Ruta de Andalucía Oriental.

-Resumo de contidos.

Almería: Concello, catedral, alcazaba e cidade. Os cultivos intensivos baixo plástico en El Ejido. Parque natural de Cabo de Gata e xardín botánico El Albardinal. Granada: A Alhambra, Xeneralife, Palacio de Carlos V, centro da cidade. Parque das Ciencias.

Aloxamento: Residencia Escolar Carmen de Burgos. Estrada de Níjar, km 7. Almería. Teléfono: 950 29 14 40.

Número de grupos: primeira quenda, 2.

* Ruta de Cataluña.

-Resumo de contidos.

A industria de transformación agrícola: visita a unhas cavas. O val de Nuria. A montaña de Montserrat. Barcelona: o Palau da Generalitat, a Sagrada Família, o parque Güell, a Rambla, o liceo, o zoológico. Os museos e o porto.

Aloxamento: Albergue Torre Ametller, Veinat de Santa Elena d'Agell, Cabrera de Mar (Maresme). Barcelona. Teléfono: 937 59 44 48.

Número de grupos: primeira quenda, 1; segunda quenda, 1.

* Ruta de Navarra.

-Resumo de contidos.

Vals pirenaicos: Roncal e Baztán. Camiño de Santiago: Puente la Reina e Estella. Pamplona capital. Ribeira tudelana e Bárdenas.

Aloxamento: Centro Puente estrada Señorío de Sarriá s/n, 31100 Puente la Reina (Navarra). Teléfono: 689 70 18 36.

Número de grupos: primeira quenda, 1; segunda quenda, 1.

* Ruta de Aragón.

-Resumo de contidos.

O cinto industrial de Aragón. Comunidade Autónoma e a súa organización. Zaragoza monumental e artística. A cidade como centro de servicios e o seu contorno.

O medio rural aragonés e as súas diferentes formas de vida: O val e o Pirineo. O secaño e regadío.

Provincia de Huesca: orixe do antigo Reino de Aragón. Visita ó parque nacional de Ordesa e Monte Perdido.

Recorrido pola provincia de Teruel, modos de vida e diferenza paisaxísticas.

Aloxamento: Residencia Actividades de Alumnos. Venta del Olivar. Praza Mayor s/n, barrio da Venta del Olivar, 50011 Zaragoza. Teléfono: 976 34 11 33.

Número de grupos: primeira quenda, 1; segunda quenda, 1.

* Ruta de Toledo.

-Resumo de contidos.

Toledo capital, institucións. O seu contorno: castelo de Guadamur. Os montes de Toledo. A Mancha: Consuegra, Villacañas, Miguel Esteban e El Toboso. Ruta Cervantina: Illescas, Esquivias, Ocaña e Tembleque. Toledo artístico e monumental.

Aloxamento: IES. Universidade Laboral. Avda. de Europa, 28, 45003 Toledo. Teléfono: 925 22 34 00.

Número de grupos: primeira quenda, 1; segunda quenda, 1.

* Ruta de Burgos.

-Resumo de contidos.

Percorrido urbano I: Atapuerca, industria, Mosteiro de las Huelgas. A Bureba: Briviesca, Frías, Oña e Poza de la Sal. A Ribeira: Sala de los Infantes, Peñaranda de Duero.

Percorrido urbano II: catedral, senda da natureza, núcleo histórico e ruínas do castelo de Burgos. Val do Arlanza: Lerma, Covarrubias, La Yecla.

Aloxamento: Escola Fogar de Fuentes Blancas. Teléfono: 947 48 46 43.

Número de grupos: segunda quenda, 2.

* Ruta de Salamanca.

-Resumo de contidos.

Salamanca monumental. Centro Internacional do Libro Infantil e Xuvenil (*Fundación Germán Sánchez Ruipérez*). Arribes del Duero. Ruta da prata. Béjar (museo téxtil, museo Mateo Hernández). Candelario. Ruta de Ciudad Rodrigo. Fronteira portuguesa (predio experimental Castro Enríquez). Ciudad Rodrigo monumental. Serra de Francia. Pena de Francia. La Alberca.

Aloxamento: Escola Fogar de Santa Marta de Torres (Salamanca). Teléfono: 923 20 02 21.

Número de grupos: primeira quenda, 2; segunda quenda, 2.

* Ruta de Soria.

-Resumo de contidos.

Berlanga de Duero, San Baudelio, Tajueco, Gormaz. Soria. Numancia, Vinuesa, Laguna Negra. Canón do río Lobos, Burgo de Osma. San Esteban de Gormaz. Almazán, Medinaceli.

Aloxamento: Escola Fogar de Berlanga de Duero. Teléfono: 975 34 31 02.

Número de grupos: primeira quenda, 2; segunda quenda 2.

* Ruta de Extremadura.

-Resumo de contidos.

Cáceres: Patrimonio da humanidade. Alcántara: a produción hidroeléctrica de Extremadura. Mérida: capital románica e autonómica. Plasencia e parque natural de Monfragüe. Guadalupe e Trujillo: Extremadura e América.

Aloxamento: IES Universidade Laboral (casiñas). Avda. da Universidade s/n, 1004 Cáceres. Teléfono: 927 22 59 66.

Número de grupos: primeira quenda, 1; segunda quenda, 2.

* Ruta de Madrid.

-Resumo de contidos.

A Serra: parque rexional do Manzanares o Real, San Lorenzo de El Escorial. Museo do Prado, Madrid dos Borbóns. Os transportes: o metro. Medios de comunicación audiovisual. Parque zoolóxico. Visita a unha localidade da Comunidade. Visita a unha industria, aeroporto de Barajas, Cosmo Caixa Parque do Retiro. Madrid dos Austrias.

Aloxamento: Centro de Intercambios Escolares Estrada de Colmenar Viejo, km 12,800. Teléfono: 91 372 12 84 e 91 734 27 00, extensión: 223.

Número de grupos: primeira quenda, 2; segunda quenda, 2.

* Ruta de Murcia.

-Resumo de contidos.

Agricultura intensiva e industrias derivadas: visita ó pebideiro El Jimenado e ó centro de capacitación agraria en Torre Pacheco e industria de transformación (fábrica de conservas en Campos del Río). Cartagena: Museo Nacional de Arqueloxía Marítima. Porto e percorrido pola cidade (teatro romano). Asemblea Rexional, Portman e Museo Mineiro da Unión. A auga e a horta: transvasamento Texo-Segura (casa da auga), sistemas tradicionais de rega (noras de Abarán). Coñecemento do río Segura (percorrido de itinerario ambiental). Murcia: Museo da Ciencia e a Auga, Museo Salzillo, e percorrido pola cidade (catedral). O Mar Menor, subida ó monte El Carmolí en Los Urrutias. Percorrido no barco polo Mar Menor (illa da Perdiguera).

Aloxamento: Escola Fogar Mar Menor, r/ Conde da Liseda, 30720 Santiago de la Ribera. San Javier. Teléfono: 968 57 24 79.

Número de grupos: primeira quenda, 1; segunda quenda, 1.

* Ruta da Rioxa.

-Resumo de contidos.

Logroño: capital da Comunidade Autónoma e sede das institucións. Parlamento rioxano. A historia medieval: Briones. Camiño de Santiago: Navarrete, Nájera, Sto. Domingo de la Calzada. Mosteiros de Suso e Yuso, patrimonio da humanidade e nacemento da lingua castelá. A industria vinícola: Haro: museo enolóxico. A ribeira do Ebro: Calahorra, cidade romana, industria de transformación agroalimentaria e mercado das verduras. Arnedo: Museo de Ciencias Naturais. A Serra de Cameros: espazos naturais, covas de Ortigosa de Cameros. Serra de Cebollera: Villaoslada de Cameros e Lomos de Orio.

Aloxamento: IES. La Laboral, Avda. de la Rioja nº 6, 26140 Lardero. Teléfono: 941 44 96 52 e 941 44 97 52.

Número de grupos: primeira quenda, 1.

* Ruta de Baleares.

-Resumo de contidos.

Palma: a cidade e os seus monumentos: historia, arte, costumes, lugares singulares. As comarcas físicas de Mallorca: LLevant, Pla, Es Raiguer, Tramuntana e Migjorn; coñecendo a agricultura, a industria, o turismo, os medios de transporte e o medio natural.

Aloxamento: albergue da praia de Palma. R/ Costa Brava, 3, 07610 Palma de Mallorca. Teléfono: 971 26 08 92.

Número de grupos: primeira quenda, 1.

* Ruta de Euskadi.

-Resumo de contidos.

A chaira alavesa: importancia da gandería no País Vasco. Bilbao e a súa zona de influencia: o porto.

A industria. Donostia-San Sebastián: importancia da beleza da paisaxe no desenvolvemento turístico. Guernika e a ría de Mundaka: acercamento ós símbolos históricos de Euskalherria. Vestixios prehistóricos. O mar. Vitoria-Gasteiz. A cidade e o seu trazado urbanístico; planificación e servizos. Euskadi institucional.

Aloxamento: Residencia Carlos Abaitua. R/ Escultor Díez s/n, 01007 Vitoria, Teléfono: 945 14 81 15.

Número de grupos: segunda quenda, 1.

* Ruta de Gran Canaria.

-Resumo de contidos.

Norte-Noroeste da illa. Arucas, Almacén de Plátanos. Planta desalinizadora. Reptilandia. Agaete. Porto pesqueiro das Neves. Sur da illa: Parque Natural das Dunas de Maspalomas. Praia de Maspalomas. Leste-Norte da illa: Vila de Agüimes: Barranco de Guayadeque e centro de interpretación. Paseo praia das Canteiras e zona comercial. Centro-Norte da illa: Xardín botánico Viera e Clavijo. Núcleo antigo da cidade de Las Palmas de Gran Canaria: Vegueta, catedral, praza de Santa Ana, Museo Canario e Museo Colón. Museo Elder da Ciencia e Tecnoloxía. Zona de cume: cume de Gran Canaria: Montañón Negro, Parador de Tejada, Los Pechos, Roque Nublo.

Aloxamento: Residencia Escolar Las Palmas, estrada Lomo Blanco, 44, 35017 Las Palmas de Gran Canaria. Teléfono 928 35 02 76/35.

Numero de grupos: primeira quenda, 1.

* Ruta de Cantabria.

-Resumo de contidos.

A sociedade urbana: Santander. O medio rural: poboamento e actividade humanas. O val do Saja. Mercado Nacional de Gandos (Torrelavega). A costa, a pesca, o turismo e a industria: Santoña-Laredo. Comillas. A paisaxe: elementos, relevo, clima, augas. Vías de comunicación: Os Picos de Europa. A Historia Medieval: Santillana del Mar.

Aloxamento: Centro de Programas Educativos de Viérnoles. Tlfno. 942 88 01 00.

Número de grupos: segunda quenda, 1.

* Ruta de Melilla.

-Resumo de contidos.

Melilla: edificios modernistas, cidade vella (covas do conventico, museo da torre do reloxo, museo Amazigh, porta de Santiago). Pazo da Asemblea, cantís, parque Hernández. Visita a templos: Mezquita, Sinagoga e Templo Hindú; Actividades da natureza: mar e piñeirais de Rostrogondo. Talleres.

Aloxamento: Residencia de Estudiantes e Deportistas. R/ Alfonso X, s/n, 52005 Melilla; Tlfno. 952 67 00 08/952 67 58 85.

Número de grupos: segunda quenda, 1.

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO AXUDAS A ESCOLAS VIAXEIRAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED502A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO CENTRO

DENOMINACIÓN DO CENTRO		
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO
CÓDIGO POSTAL	NÚMERO DE ALUMNOS / AS QUE COMPOÑEN O GRUPO DE 15 SOLICITUDES alumnos alumnas	CURSO Ó QUE PERTENCEN

DATOS DO PROFESOR ACOMPAÑANTE

APELIDOS	NOME	DNI
Nº DE REGISTRO PERSOAL (se é o caso)	ÁREA E CURSO NA QUE IMPARTE AS SUAS ENSINANZAS	

Rutas nas que desexa participa-lo centro (indicar por orde de preferencia)

- 1.-
- 2.-
- 3.-
- 4.-
- 5.-
- 6.-

¿Participou o centro nesta experiencia con anterioridade? SI ANO NON

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 15 de outubro de 2003 pola que se convocan axudas para a realización de escolas viaxeiras durante o ano 2004.</i>
SINATURA DO DIRECTOR DO CENTRO de de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

*ANEXO III***DATOS DO SOLICITANTE**

NOME		APELIDOS	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	TELÉFONO	CÓDIGO POSTAL	IDADE
ESTUDIOS QUE CURSA			
CENTRO NO QUE CURSA OS SEUS ESTUDIOS			

¿Participou nesta experiencia con anterioridade?

SI

NON

..... de de 200....

AUTORIZACIÓN PATERNA

Don / dona

Pai / nai / titor de

outórgalle a súa autorización para que participe na actividade de escolas viaxeiras organizada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en colaboración co Ministerio de Educación, Cultura e Deportes.

(Data e sinatura)

ANEXO IV

Obxectivos xerais.

-Lograr un adecuado nivel de coñecementos e comprensión integral da comunidade visitada, as súas xentes e costumes, as súas terras, a súa historia e os seus recursos.

-Fomenta-la convivencia e cooperación entre os alumnos, aceptando as diferencias culturais e lingüísticas dos diferentes grupos, e potenciando o desenvolvemento das capacidades individuais.

-Crear hábitos e actitudes positivas na defensa e conservación do ambiente e do patrimonio, comezando polo contorno cotián dos alumnos.

-Procura-lo desenvolvemento e a utilización dunha metodoloxía activa e participativa de profesores e alumnos, e o intercambio de experiencias singulares, en relación coa ruta.

-Ampliar, desde o punto de vista didáctico, o ámbito de actuación da escola mercé á investigación e deseño de novas situacións de aprendizaxe, extensivas ó antes e despois da realización da ruta.

Aspectos previos.

-A escola viaxeira é, ante todo, escola. Ofrécelle ó profesor a posibilidade de participar no deseño e experimentación de novas situacións de aprendizaxe, partindo dun modelo docente baseado no seu protagonismo como figura activa do propio currículo, concibido como unha realidade flexible e xeradora dos seus propios contidos.

-O desenvolvemento da personalidade nas súas dimensións individual e social e o de actitudes a hábitos de cooperación, apertura cara a formas novas de participación responsable ou a formación do espírito creativo e sentido crítico ante os estímulos do medio. É tamén ó que fai referencia a unha escola non homoxeneizadora, que valore e procure desenvolver-las peculiaridades do individuo e do seu estilo persoal e social, favorecendo a convivencia rexional.

-Contribuír a que a acción formativa se inspire no respecto á pluralidade lingüística e cultural de España, a través do coñecemento e comprensión, precisamente, dos distintos pobos que a constitúen, e da convivencia, ó propio tempo, entre alumnos de distintas procedencias.

-Unha nova lectura da realidade que haberá de repercutir de forma positiva nos centros, e que se traduce nunha consideración do medio non como algo separado e distinto do suxeito, senón como o espazo de relacións de toda índole que este establece, e no que interveñen tódolos procesos de comunicación e interacción.

Aspectos de metodoloxía e deseño.

-O esquema metodolóxico que máis claras referencias pode ofrecer ó profesor a cargo dos grupos é o que relaciona os principais axentes educativos, humanos e materiais, que concorren na actividade e nunha primeira aproximación.

-O profesor, en primeiro lugar, como responsable dos alumnos ó seu cargo, deberá desenvolver-las obxectivos específicos do seu proxecto de participación, adecuándoos ós obxectivos xerais da ruta establecida pola coordinación.

Na orde técnica velará para que os seus alumnos asistan provistos da documentación e equipamento necesarios.

-O coordinador, como garante dos propósitos educativos e pedagóxicos da experiencia, establecerá os mecanismos e recursos necesarios para a consecución, por unha banda, dos ditos propósitos e, por outra, das expectativas contidas no proxecto de cada un dos grupos participantes. Realizará para isto a posta en común pertinente ó inicio da experiencia e outras máis específicas no curso do seu desenvolvemento.

-O axudante de coordinación levará a coordinación a un nivel máis concreto de actividades e visitas, de acordo coa proposta de ruta e coas previsións didácticas que se establecesen entre os grupos. Na orde técnica velará pola normal secuenciación das actividades e os aspectos que, en xeral, lle sexan asignados pola coordinación.

-O alumno é o verdadeiro protagonista da actividade. É necesario conseguirla súa participación activa a través dos recursos (caderno de campo e outros) máis apropiados, tanto desde o punto de vista social e convivencial coma do desenvolvemento das súas capacidades individuais.

-Os recursos, como elemento clave no deseño, partindo dos máis próximos ó ámbito de formación do alumno (importancia dos recursos do propio centro de procedencia) e dos propios da comunidade visitada. A infraestrutura (residencia, transporte, etc.) como recurso ó servizo da actividade.

-O ámbito de desenvolvemento da experiencia máis alá da súa realización práctica, e que se estende ós centros de destino dos grupos. Importancia da avaliación e o seguimento, posteriormente dos diferentes aspectos e contidos que se desenvolveron. A memoria, como reflexión xeral sobre as expectativas e logros da actividade.

CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

Orde do 23 de outubro de 2003 pola que se modifica a do 12 de setembro pola que se regulan axudas ás familias nas que se produce un parto múltiple, adopción ou acollemento preadoptivo de varios menores.

A Orde do 12 de setembro de 2003 (DOG nº 184, do 23 de setembro), da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado regula as axudas